



Contratación
Expediente 6552-241

INFORME-PROPOSTA

**PROGRAMA OPERATIVO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN:
OPERATIVO 3.4.2 “INTRODUCIR CLÁUSULAS ÉTICAS DE OBRIGADO
CUMPRIMENTO PARA OS CONTRATISTAS”**

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

O Plan de Integridade aprobouse pola XGL en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais,.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 1 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellaría-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

O “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico” programa recolle na Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratéxico 3.4 “Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso”, o Obxectivo Operativo 3.4.2 “Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas”, dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

Por Resolución desta Concellaría Delegada de data 6 de novembro de 2020 acordouse a incoación de expediente para o desenvolvemento do Obxectivo Operativo 3.4.2 “Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas”, do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratéxico 3.4, “Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso”, designando instrutora do dito expediente á Xefatura do Servizo de Contratación, de conformidade co dito Plan.

En desenvolvemento deste obxectivo operativo propónse a incorporación ós pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares dunha cláusula que inclúa un código ético do seguinte teor:

“CLÁUSULA X.- CÓDIGO ÉTICO

1.- Os licitadores e contratistas, durante os procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- a) Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
- b) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación.
- c) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 2 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.

- d) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
- e) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
- f) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que influán na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- g) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que influán na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- h) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contraditorio”.

E incluírase no modelo de declaración responsable a presentar polos licitadores que recollen os pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares, o seguinte texto:

“COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO

.... (identificación do licitador) Manifesta que se compromete a cumprir co código ético regulado na cláusula 19.1 do prego que rexe esta contratación”.

-II-

A competencia para a aprobación do presente acordo correspóndelle á Concellería Delegada de Contratación, por delegación expresa da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2019, conforme co marco legal recollido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 3 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



RESOLUCIÓN

En base ó exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- En cumprimento da Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratéxico 3.4, “Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso”, Obxectivo operativo 3.4.2 “Introducir cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas” do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación incorporar ós pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares dunha cláusula que inclúa un código ético do seguinte teor:

“CLÁUSULA X.- CÓDIGO ÉTICO

1.- Os licitadores e contratistas, durante os procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- i) Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.**
- j) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.**
- k) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.**
- l) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.**
- m) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.**
- n) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adjudicación ou execución do contrato.**
- o) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adjudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.**
- p) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 4 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contraditorio”.

Segundo.- En cumprimento do mesmo obxectivo incluír no modelo de declaración responsable a presentar polos licitadores que recollen os pregos de cláusulas administrativas, ben sexan pregos tipo aplicables a un mesmo tipo de contratos ou ben sexan pregos de cláusulas administrativas particulares, o seguinte texto:

“COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO

.... (identificación do licitador) Manifiesta que se compromete a cumprir co código ético regulado na cláusula 19.1 do prego que rexe esta contratación”.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia municipal, dando conta do mesmo ao órgano de contratación”.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Contratación.- Beatriz Barbará Rodríguez.

DECRETO

Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- María Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 5 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN
Marco estratéxico

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2021 09:20	Páxina 6 de 6
6552-241	CSV: A6AAA9-2FABEC-BEE5D3-RPA3UF-ASN8PR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		